

DÍA DOS NAMORADOS NO COMERCIO LOCAL "COMERCIO PUNTO COMPOSTELA"

1. **DÍA DOS NAMORADOS NO COMERCIO LOCAL DE COMERCIO PUNTO COMPOSTELA**", é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA dirixida aos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación.

Esta **campaña promocional** iniciárase en data de **7 de febreiro de 2023 e rematará 14 de febreiro de 2023 (ambas datas engadidas)**, e o seu ámbito é o Concello de **Santiago**, podendo **participar todas as persoas consumidoras que merquen nos establecementos integrados na Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA**, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases e cumprindo todo o disposto nas mesmas.

2. O **OBXECTIVO FUNDAMENTAL DA CAMPAÑA** é crear un ambiente favorable para incentivar as compras no comercio local na primeira quincena de febreiro. Esta campaña promocionará as nosas señas de identidade tradicionais e básicas: o trato directo e personalizado, a especialización, a proximidade, o asesoramento, a variedade e calidade de produtos e servizos. Todo elo a fin de incentivar o consumo no comercio local e reactivar a economía no noso sector.

Así, nesta campaña premiarase a confianza das persoas consumidoras que aposten polos comercios asociados á Asociación Comercio Punto Compostela, incrementando deste xeito as vendas e incentivando o consumo no comercio local, aproveitando ao mesmo tempo a afluencia de visitantes que ten habitualmente este Concello.

3. A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DESTA CAMPAÑA/SORTEO É O SEGUINTE :

Trátase dunha **campaña "aberta"**, na que **poderán** participar todas as persoas consumidoras maiores de **idade**, que se **rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado**, e que realicen unha **compra por calquera importe en** comercios locais retallistas integrados na Asociación **Comercio Punto Compostela CCA**, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña, isto é, do **7 de febreiro de 2023 ó 14 de febreiro de 2023**.

Non poderán participar nesta campaña/sorteo as persoas traballadoras da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, nin as titulares ou traballadoras dos comercios participantes con tickets dos seus propios establecementos, así como tampouco familiares ata segundo grao de todos os anteriores.

Así pois, as persoas consumidoras que merquen nos comercios asociados nas datas sinaladas (**entre o 7 de febreiro e o 14 de febreiro do 2023 ambos engadidos**), e desexen participar na campaña, A MODALIDADE DE INSCRIPCIÓN E REXISTRO DAS COMPRAS REALIZADAS AOS EFECTOS DE PARTICIPAR NO SORTEO, É A SEGUINTE:

□ *A persoa consumidora maior de idade poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través dun boleto que se lle entregará no comercio no momento da compra, sempre que se realice nos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación Comercio Punto Compostela, tendo o boleto que se lle entrega á persoa consumidora dúas partes: a matriz onde constará o nome completo e teléfono de contacto facilitado pola propia persoa consumidora aos efectos desta campaña, matriz que gardará cada establecemento comercial asociados participante, aos efectos de depositar todas as matrices dos boletos das persoas participantes que cumpran os requisitos, na urna que se habilitará para a realización do sorteo, e a persoa consumidora recibirá a outra metade do boleto pola súa compra, onde constará a mesma numeración que na matriz, e que a persoa consumidora deberá conservar ata a data do sorteo, xa que no caso de resultar gañadora na data do sorteo, deberá mostrar a súa parte do boleto, que lle foi entregada ao realizar a súa compra, comprobando a organización nesta data do sorteo, que os números de todos os boletos das persoas consumidoras que resulten agraciadas, coinciden cos números da matriz de cada boleto premiado que sexa extraída da urna habilitada a tal fin.*

Cada persoa consumidora só poderá obter un boleto por operación de compra nos comercios asociados, e cada un dos boletos equivale a 1 participación. Cantas máis compras fagan nos comercios adheridos, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

1. REALIZACIÓN DO SORTEO :

O SORTEO terá lugar en data de 16 de febreiro de 2023, ás 12.00 horas, na sede da Confederación de Empresarios de Galicia (Rúa do Vilar, 54. Santiago de Compostela) e terá lugar o sorteo entre tódalas persoas consumidoras participantes, (que non será aberto ao público) depositando previamente tódalas matrices aportadas polos comercios asociados das persoas consumidoras que mercaron nos seus comercios nas datas sinaladas, e que teñen dereito a participar segundo o disposto nestas bases, un membro da organización, extraerá aleatoriamente un número de boletos equivalente aos premios que se sortean neste sorteo, e correspondentes ás consumidoras que resulten agraciadas con ditos premios entre todas as participantes, rematando o sorteo, cando sexan extraídos todos os boletos premiados, ata cubrir a totalidade de premios dispoñibles para sortear nesta campaña.

A realización do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado as persoas agraciadas polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

Os premios enténdense como cantidades brutas, suxeitas ás retencións que establece a lei vixente no seu caso; polo tanto, dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda. Ás consumidoras rexistradas e participantes na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciada cun premio a mesma consumidora, xa non poderá optar a máis premios seguinte, podendo obter polo tanto cada persoa consumidora un único premio.

Asimesmo, **só poderá saír un premio por establecemento comercial participante**. Isto é, que no caso de que nun mesmo establecemento comercial xa resultara premiada unha persoa cun boleto obtido no mesmo, e de novo resultase agraciada outra clienta ou cliente dese mesmo establecemento con outro boleto pola compra realizada nese mesmo establecemento, xa non poderá ser premiada, e neste caso, procederase a facer unha nova extracción entre os boletos depositados, para extraer un novo boleto suplente do primeiro que non poderá resultar premiado polas razóns expresadas, (e así sucesivamente) de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente, e déanse así máis oportunidades, para que toda a clientela de tódolos establecementos participantes asociados, poidan ter a opción de obter un agasallo.

2. OS PREMIOS A SORTEAR NESTA CAMPAÑA consistirán en:

3 premios LOVE EXCEPCION de Wonderbox

A finalidade deste premios, é agradecer ás persoas consumidoras que resulten agraciadas, a confianza depositada nos comercios da Asociación ó mercar os agasallos para as súas persoas queridas no comercio local de Compostela. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de fidelizar a clientela do pequeno comercio de proximidade.

O NÚMERO TOTAL DE PREMIOS SERÁN OS SEGUINTEs:

3 premios: LOVE EXCEPCION de Wonderbox por valor de 99,90 euros cada un ive engadido

O IMPORTE TOTAL DOS PREMIOS A SORTEAR POLO TANTO NESTA CAMPAÑA ASCENDE A 299,70 EUROS. Sobre os importes totais dos premios a sortear, serán aplicadas as retencións tributarias pertinentes segundo a normativa vixente, que serán a cargo dos agraciados con estes premios.

RESERVAS:

No mesmo acto de realización do SORTEO, ademáis das persoas elexidas como agraciadas do primeiro e segundo premio polo mesmo sistema, serán elexidas tamén aletatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algunha das premiadas non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

3 RESERVAS PARA cada experiencia Love Excepción

A ENTREGA DESTES PREMIOS será realizada na modalidade que acorde a organización, antes do 28 de febreiro de 2023 e unha vez realizado o sorteo, sendo todas as persoas agraciadas fehacientemente notificadas a tal fin, mediante comunicación persoal por parte da entidade organizadora.

En calquera caso, ***comunicaráselles as agraciadas previamente e coa antelación suficiente no seu caso, a modalidade acordada para a entrega dos premios.*** No caso de que algunha agraciada non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, ***entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos***, salvo que a persoa xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade, e proceda a

nomear neste caso a unha persoa representante que o recolla no seu nome, que deberá acudir a dita entrega debidamente identificada e autorizada pola agraciada segundo indicacións da organización.

A **mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases**, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

1. **FISCALIDADE.** Os premios a sortear nesta campaña están suxeitos as retencións tributarias pertinentes segundo a normativa vixente, que serán a cargo dos agraciados con ditos premios.

2. **PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na normativa estatal de aplicación no seu caso, infórmase que os datos subministrados pola persoa titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña**, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade **ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELAPUNTO COMO CCA, provista de CIF G 70571971, e con domicilio social en República Argentina, nº 18, bajo, 15701, Santiago de Compostela; teléfono de contacto 630981257, e mail puntocompostela@comerciogalicia.es**

Este ficheiro estará depositado e almacenarase na sede da entidade organizadora do sorteo, entidade que cumprirá asimesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA-PUNTO COMO CCA, provista de CIF G 70571971, e con domicilio social en República Argentina, nº 18, bajo, 15701, Santiago de Compostela; teléfono de contacto 630981257, mail puntocompostela@comerciogalicia.es**, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar. O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

3. A Asociación Comercio Punto Compostela resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos y comunicaciones que no cuenten con un sistema electrónico específico ni con un modelo electrónico normalizado, presentada por ASOC PUNTO COMPOSTELA CCA con NIF G70571971 tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2023/453129	09-02-2023 10:56	AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20230209.pdf	7A1375535BBE152E430627513BF68FCE8CB494532E6C05DE190008F882F4231C
BASES DA CAMPAÑA	BASES CAMPAÑA DIA DOS NAMORADOS PTO COMPOST.odt	C80A457FD2ADEBCA2&C6DF19DC617C660DC97711D0326874E9D45AD38DE2DD9C
ACTA NOTARIAL	ACTA NOTARIAL PUNTO COMPOSTELA.pdf	1309579BE3C8499F5168FFA708B8002A8475F9A6404579CC471964FB3715CCE0
FACTURA PRO FORMA PREMIOS	FACTURA PRO FORMA PREMIOS.pdf	072E6DE0A59E6117C58D42E07E6547CF0B7CC4A2E38F0302F2C0783151E80AC
XUSTIFICANTE COMUNICACION PREVIA A XOGOS	Justificante-PR300A-20230206.pdf	6A29E34F5D961C6333FDCD5D41CA7F296E2FC0D298D392C92B3983A19871CC93

Firmado por REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA
Fecha y hora: 09-02-2023 10:56

CVE: 8d07cadd-ba71-3eee-aeffc2b83d0b3f3
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

